

BOLSAS - CURSOS DE INICIACIÓN

A Federación Galega de Baloncesto outorgará as seguintes Bolsas para os diferentes Cursos de Adestradores que organizará durante a Tempada 2012-13:

AXUDAS ECONÓMICAS PARA MOZOS:

Axudarase con:

Desconto de ata o 50% da súa cota de inscrición, nos Cursos de Nivel Iniciación ou similar realizados na tempada 2012-13 aos alumnos inscritos nados no ano 1994 e posteriores e cualificados "APTO" na primeira convocatoria do curso.

A Federación Galega de Baloncesto destinará a estas axudas ata un máximo de 3.000 euros perante a tempada 2012-13, polo que se outorgarán a un máximo de 5 por curso.

Para demandar a Bolsa, o solicitante cumprimentará o formulario de Solicitud de Bolsa conxuntamente ca súa inscrición no Curso. En ningún caso se tramitarán solicitudes de bolsas con posterioridade ao inicio do curso.

O ALUMNO/A INGRESARÁ A TOTALIDADE DA COTA DE INSCRICIÓN DO CURSO QUE LLE CORRESPONDA e, posteriormente, unha vez realizado o Curso, a Federación Galega de Baloncesto reintegraralle os importes das axudas na conta que o alumno/a lle indique.

BOLSAS PARA CURSOS DE NIVEL I E II

A Federación Galega de Baloncesto outorgará as seguintes Bolsas para os diferentes Cursos de Adestradores que organizará durante a Tempada 2012-13:

AXUDAS ECONÓMICAS PARA MOZOS/AS:

Axudarase con:

- Desconto de ata un máximo do 50% da súa cota de inscrición, nos Cursos de Nivel I e II realizados na tempada 2012-13 aos alumnos inscritos que cumpran os requisitos seguintes:
 - Nados no ano 1990 e posteriores
 - Cualificados "APTO" na primeira convocatoria do curso.
 - Que xustifiquen a súa inscrición no INEM ou coa cartilla de desemprego.

A Federación Galega de Baloncesto destinará a estas axudas ata un máximo de 3.000 euros perante a tempada 2012-13.

Para demandar a Bolsa, o solicitante cumprimentará o formulario de Solicitud de Bolsa conxuntamente coa súa inscrición no Curso. En ningún caso se tramitarán solicitudes de bolsas con posterioridade ao inicio do curso.

O ALUMNO/A INGRESARÁ A TOTALIDADE DA COTA DE INSCRICIÓN DO CURSO QUE LLE CORRESPONDA e, posteriormente, unha vez realizado o Curso, a Federación Galega de Baloncesto reintegraralle os importes das axudas na conta que o alumno/a indique.

Santiago, 7 de Novembro de 2012